



RELATORIO DE CULTURA

CONCLUSIONS

A cultura é, desde sempre, unha das actividades esenciais das comunidades do exterior desde hai séculos así como da construción da identidade cultural de Galicia. A cultura dun pobo recolle diversos aspectos relacionados co seu idioma, os seus personaxes, a súa paisaxe, a súa gastronomía, as súas tradicións e costumes, polo que é de vital importancia chegar á galega e ao galego da diáspora, por medio de comunidade no exterior, á Galicia territorial. Coñecer e preservar o importante patrimonio cultural creado durante séculos no exterior é esencial para preservar a historia da emigración galega.

Por todo iso, acordamos o seguinte:

1.- Apoiamos as medidas de acción cultural incluídas na **Estratexia de Emigración 2020** da Xunta de Galicia encamiñadas a facer efectivo o dereito das comunidades galegas no exterior e das galegas e galegos no exterior para participar na vida social e cultural do pobo galego.

2.- En canto a dita Estratexia de Emigración esperamos un especial seguimento e apoio a iniciativas como a creación da Tarxeta da mocidade exterior, os programas que favorecen a vinculación da mocidade no exterior con Galicia, como conecta con Galicia, campos de traballo e deportivos, obradoiros de formación e a actividade de e-learning e a posta ao dispor de contidos dixitais de especial interese formativo e cultural, así como de cantas destácanse nos relatorios de Galeguidade e Retorno deste Consello.

3.- **As comunidades galegas deben desempeñar un efectivo rol de axentes de colaboración cultural galega no exterior** mediante a organización de actos ou manifestacións culturais que permitan coñecer Galicia e difundir a súa cultura, contando para iso co apoio das institucións oficiais e entidades territoriais de Galicia.

As entidades galegas deben incentivar e apoiar as **accións de promoción turística de Galicia e do Camiño de Santiago**, para favorecer a súa proxección no exterior e contribuír á difusión do Plan Xacobeo 2021, participando no mesmo con programas para mozos e maiores do exterior. Para iso deben contar co decidido e permanente apoio da Consellería de Cultura e Turismo, das Asociacións do Camiño de Santiago e do resto de institucións e entidades de Galicia que comparten estes fins.

4.- O **Camiño de Santiago** ten un principal valor relixioso e espiritual pero tamén é unha oportunidade fundamental desde o punto de vista cultural, turístico e económico para Galicia. Nos centros galegos, coa súa vocación universalista, o Camiño de Santiago pode explicar Galicia, España e Europa no mundo, lembrando as raíces dese sistema de valores que é orixe das ideas máis poderosas da nosa historia; a democracia, os dereitos do home, o estado do benestar, etc., que se asintan nos valores básicos que simbolizan o



Camiño: a colaboración, o respecto, a tolerancia, a unión entre os pobos, a solidariedade, a acollida...

O mantemento desta ponte entre culturas que representa o Camiño debe contar co persoal e corpo social das **nosas comunidades galegas como “prescritores” do Xacobeo e vehículos de galeguidade**, facendo efectivo o privilexio de contar con esas “embaixadas”, no mundo enteiro, desde as que proxectar un evento de gran magnitude.

O Xacobeo 2021 será unha auténtica eclosión cultural nos centros de todo o mundo coa colaboración das institucións de Galicia que ofrecen os instrumentos necesarios para facilitar a información, divulgación, documentación, exposición, charlas ou conferencias, etc., que nos ámbitos relixioso, cultural, social, económico, empresarial e turístico poden facerse presentes na Galicia exterior.

5.- As comunidades galegas do exterior deben tomar en consideración a **promoción e conservación do seu patrimonio cultural, documental escrito, oral e audiovisual, bibliográfico, histórico e artístico**, co fin do seu mantemento no futuro, valorando a acción en liña para crear unha base documental da memoria viva da emigración que permita o diálogo intercultural entre a Galicia territorial e a Galicia exterior.

A riqueza patrimonial da Galicia exterior é a fiel reprodución da historia vivida polo pobo galego da diáspora. **A Xunta debe potenciar as axudas dirixidas a subvencionar a catalogación, restauración e inventariado de fondos artísticos, bibliográficos ou documentais das comunidades.**

6.- Para a conservación do patrimonio xeral da emigración o Goberno de Galicia está a xestionar diversas vías para a catalogación, rexistro ou mesmo protección física do patrimonio cultural e artístico da emigración galega.

Por iso **solicítase ao Goberno galego que priorice os traballos de preparación e posta en marcha do:**

- **Plan Director do Patrimonio Documental das Sociedades Galegas no Exterior** para a protección e posta en valor do patrimonio artístico, cultural e documental da emigración e da cidadanía galega residente no exterior, informando en detalle das iniciativas como a Memoria Dixital de Galicia, os portais “Galiciana” e “Europeana” e especialmente,

- do **Museo das Migracións Galegas**, Centro de Referencia da Emigración Galega e da Galeguidade coa misión de salvagardar, preservar, catalogar e divulgar o labor da colectividade e dos centros galegos como referentes da transmisión de identidade e defensores dos valores culturais de Galicia, tomando como punto de partida o proxecto elaborado polo Arquivo da Emigración galega do Consello da Cultura Galega.

7.- **A difusión da cultura e da lingua galega** son os dous alicerces fundamentais para manter o vínculo entre os emigrantes e os seus descendentes con Galicia. O idioma é unha ferramenta imprescindible para unha mellor integración e establecemento na nosa



comunidade. E por iso, co equilibrio e convivencia necesarios entre os nosos idiomas, anunciamos:

7.1.- A Galicia exterior ofrece a rede de centros e asociacións galegas repartidas polo mundo para acoller con flexibilidade e estabilidade o ensino da lingua e da cultura galega, con especial referencia á mocidade.

7.2.- Apoiamos a integración da lingua galega no ensino non universitario en centros educativos non universitarios no exterior, como os institutos españois ou centros de ensino de comunidades galegas en Arxentina ou Venezuela.

7.3.- Apoiamos a potenciación ou consolidación do ensino e investigación da lingua galega nas universidades de fóra de Galicia nas que xa existe como materia de estudo, así como introducila noutras universidades de interese estratéxico.

7.4.- Igualmente interésanos que se amplíen e difúndanse as accións de proxección internacional da lingua e cultura galega na rede de centros do Instituto Cervantes.

7.5.- Solicitamos unha maior divulgación e información sobre clases preparatorias por vía telemática para a obtención de certificados de coñecemento de lingua galega Celga 1 e Celga 4 e doutros niveis que se poidan implementar, así como dos cursos de verán para estudantes estranxeiros e de calquera outras actividades formativas e culturais especialmente destinadas a participantes do exterior.

7.6.- A Xunta de Galicia e as comunidades galegas proporcionarán e colaborarán na difusión de novas ferramentas tecnolóxicas e de comunicación que permitan impulsar a lingua na rede e fomentarán outras posibilidades de aprendizaxe electrónica ou e-learning con recursos didácticos especialmente orientados á comunidade galega no exterior, tales como a Biblioteca da Galeguidade, a web trilingüe “Galician Tunes”, etc.

7.8.- A Xunta de Galicia e as comunidades galegas colaborarán para mellorar e promover a presenza da lingua galega en todos os espazos sociais co fin de que se manteña no futuro.

8.- As comunidades galegas do exterior difundirán a ‘Marca Galicia’ nos seus respectivos países de residencia co fin de poñer en valor a súa relevancia xunto con outros pobos de referencia internacional.

9.- En cuanto a posible fusión/agrupación de entidades hai que analizar en primeiro término a conveniencia de esa fusión con análises previos conducentes ao fomento da agrupación de entidades e resáltase a necesidade de asesoramento técnico e xurídico neste tema.

10.- Facilitar o intercambio da xuventude galega residente na Galicia Territorial e na Galicia exterior no marco das actividades deseñadas especificamente para este colectivo. Proponse introducir máis contidos curriculares no sistema educativo galego.